



Comunicado nº 090/17
25 de abril de 2017

□ APRAZAMENTO 27º KARTING A MAGDALENA.

A raíz do trágico accidente, en sinal de luto, no que perdeu a vida o novo piloto Gonzalo Basurto Movilla, a Federación Galega de Automobilismo e a Comisión Galega de Karting, toman a decisión de aprazar a segunda proba da tempada prevista para este fin de semana no circuío da Magdalena.

A gravidade dos feitos levounos a tomar a devandita decisión para evitar que os nosos participantes teñan que competir coa presión e “mal corpo” que todos temos nestes momentos. Gozar todos xuntos deste deporte é primordial, e non cremos que podemos facelo agora.

Partimos da base de que o CGK é un campionato de iniciación e formación, que ten como principal obxectivo a diversión dos máis pequenos, algo que é imposible de conseguir ante unha fatalidade de tal magnitude que só fai que nos solidaricemos coa súa familia, coa Federación do Principado de Asturias, e coa Federación de Castela-León de Automobilismo.

En nome de todo o Automobilismo Galego, queremos mandar o noso máis sentido pésame á familia e amigos de Gonzalo, así como todo o agarimo e forza do mundo para afrontar esta situación complicada como a que nos toca vivir.

Non queremos esquecernos de mandar un forte abrazo tamén aos nosos amigos do circuío “A Morgal”, cos que temos unha gran relación e podemos traballar o ano pasado para seguir achegando a nosa paixón que é a modalidade máis importante do Automobilismo, o Karting.

Gonzalo, non te esqueceremos, Descansa en Paz.